



CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
e-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 297/2015 DE 27 DE XULLO DE CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (2015)

Vista a necesidade de contratación de persoal laboral temporal para a formación dunha brigada efectiva de prevención e defensa contra incendios forestais formada con 5 membros tal e como sinala o Convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería de Medio rural e do mar (2015) para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa polo que se outorga subvención directa a este Concello para dito fin.

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente

Antecedentes

.-Proposta de bases para a contratación, sistema de concurso-oposición, de persoal laboral temporal para servizo determinado ós efectos de formación dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o verán do ano 2015.

.- Informe xurídico de secretaría de 17.07.2015

.- Informe de intervención dereparado de 22 de xullo de 2015

.- Memoria de alcaldía de necesidade de contratar unha Brigada de Incendios de 23 de xullo de 2015

.- Bases para a a contratación, sistema de concurso-oposición, de persoal laboral temporal para servizo determinado ós efectos de formación dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o verán do ano 2015, modificadas no relativo a experiencia profesional

Normativa xurídica

- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores.

- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada.

- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

- Artigo 235 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

- Artigo 103 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

- Artigo 177 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, de aprobación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local

RESOLVO

PRIMEIRO .- Proceder á convocatoria e aprobación das bases para a selección de persoal laboral temporal para formación dunha brigada efectiva de prevención e defensa contra incendios forestais formada con 5 membros (un xefe de brigada , un peón condutor co carné B e tres peóns de brigada) , tal e como sinala o Convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería de Medio rural e do mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa polo que se outorga subvención directa a este Concello para dito fin.

Ter en conta en ditas bases os condicionamentos sinalados no Convenio antedito para a selección deste persoal , aprobando as bases que a continuación se reproducen

<<BASES PARA A CONTRATACIÓN SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA SERVIZO DETERMINADO OS EFECTOS DE FORMACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O VERÁN DO ANO 2015>>

Primeira.- Obxecto da Convocatoria Tipo de contratación retribucións periodo de proba e traballos a realizar

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de persoal laboral temporal por contrato de servizo determinado, mediante concurso-oposición , para formar unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais durante a tempada de verán do ano 2015 persoal subvencionado tal e como sinala o Convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería de Medio rural e do mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa polo que se outorga subvención directa a este Concello para dito fin.

Esta contratación será a 40 horas semanais prestadas de luns a domingo inclúense domingos , festivos e festas locais así como quendas de noite necesarias tendo os descansos que establece o texto refundido do estatuto dos traballadores fixandos o/s horarios polo Servizo de Incendios da Xunta de Galicia e /ou a Alcaldía do Concello de Ponteceso , e terá un período estimado de 3 meses, a modalidade contractual será dun contrato de servizo duración determinada, a retribución mensual con paga extra xa prorrateada será :

Para Xefe de brigada :de 1388.87 euros brutos mensuais

Para peón condutor co carné B:de 1288.87 euros brutos mensuais

Para cada un dos tres peóns de brigada :de 1288.87 euros brutos mensuais

(quedando incluída a parte proporcional de paga extra nas retribucións sinaladas).

En aplicación do artigo 14 do Estatuto dos traballadores establece un periodo de proba de quince días laborais.

Os traballos a realizar consistirán en:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal , sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable este persoal participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando unio e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007.



CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
e-mail:concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención
- Labores de vixilancia extinción pero tamen de prevención en faixas de xestión de biomásas ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido así como en vías e camiños forestais de titularidade municipal onde non sexa adecuada a mecanización das labores preventivas , realizando actuacións manuais mediante roza , rareo e eliminación de restos , trituración mecánica dos restos ou acordoamento.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

1.- Para todos os aspirantes:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto, os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76 ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- O acceso o emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados po España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

-Os estranxeiros ós que se refiren os apartados anteriores , así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola Lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e,

no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

F) No seu caso acreditación coñemento galego.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 do Estatuto básico do Empregado público:

Para o posto de xefe de brigada:

Estar en posición dalgunha das seguintes titulacións:

Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal , Técnico superior en xestión e organización de recusos naturais e paisaxísticos , técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Además terá o carné de conducir B

Para o posto de peón de brigada conductor

Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente .

Carné de conducir B.

Para os 3 postos de peóns de brigada

Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

O cumprimento dos requisitos anteriores entenderáanse referidos ao último día do prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Deberá indicarse presentarse en solicitudes de participación diferenciadas se quere ser candidato/a a varias prazas e de ser seleccionado/a e superar ambos procesos selectivos indicar xa na solicitude a opción prioritaria para contratación.



CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
e-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar documentación neste apartado será obrigatoria a realización dunha entrevista en galego para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada pola Comisión seleccionadora que se realizará polos servizos de normalización lingüística do Concello de Ponteceso

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

Será corrixido e farase proposta de aptitude pola Normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión polo Tribunal, que será convocado para a realización deste exercicio antes do outorgamento de puntuacións finais e proposta do/a/s candidato/a/s.

Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso-oposición

O Concello de Ponteceso dará publicidade á convocatoria e as bases de selección e demais actos deste proceso selectivo por anuncios no taboleiro de edictos do Concello, nun diario para a súa difusión da comunidade autónoma e na páxina web (computando prazos dende publicación do taboleiros de anuncios do Concello e da web) facendo referencia ós requisitos que deben reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda.

Os/as aspirantes terán como data límite de presentación de instancias no rexistro xeral do Concello, para a participación neste/s proceso/s selectivo/s sete días naturais seguintes os da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios deste Concello e na web, solicitude instancia de participación cuxo modelo se adxunta no (Anexo II) dirixida o Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso. Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando un día hábil aos excluídos no seu caso para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

A instancia acompañarase de

- .-Fotocopia compulsada do DNI
- .- Fotocopia compulsada da documentación xustificativa dos méritos que se aleguen
- .- Informe ou certificado médico no que se faga constar que non padece enfermidade eou defecto físico que impida o desempeño das tarefas correspondentes a un membro dunha cuadrilla de incendios, Especial e especificamente que non padecen lesións de corazón, pulmón, intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor cegueira e/ou xordeira.
- .- No seu caso fotocopia da titulación esixida para a praza a que se opta
- .- No seu caso permiso de conducir (B)

Deberá indicarse presentarse en solicitudes de participación diferenciadas se quere ser candidato/a a varias prazas e de ser seleccionado/a e superar ambos procesos selectivos indicar xa na solicitude a opción prioritaria para contratación

Cuarta.- Desenvolvemento das probas

4.1. Fase de oposición

Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 30 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo. As persoas aspirantes disporán de 60 minutos para realizar o test. O tribunal reunirse para elaborar o test, unha vez que estea constituído

O tribunal cualificará de 0 a 10 puntos este exercicio obrigatorio e eliminatorio. As persoas aspirantes deberán obter un mínimo de 5,00 puntos para aprobar o exercicio e acceder á proba física.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais que obteñan as persoas aspirantes que foran superando todos e cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios. A aquelas/es aspirantes que non superen a fase de oposición non lles computará a fase de concurso.

4.2. Fase de oposición

Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

A proba física de esforzo será valorada como apto/a ou non apto

Consistirá:

1º.- Nunha proba de forza de resistencia carreira de 1.000 metros sobre superficie lisa que serán organizadas polos servizos de animación deportiva do Concello propoñendo en informe a aptitude ou non dos aspirantes propostos pola Comisión .

Na proba de carreira o cronómetro porase en marcha cando o que orde a saída baixe a man alzada e acciona o asubío deterase o cronómetro cando o corredor chegue co peito á liña final, e nulo calquera intento no que un candidato interfira a outro, só se permitirá un intento , o aspirante terá que realizar a carreira sen interrupción algunha non podendo camiñar ou pasear
As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 5´

Mulleres: 6´

2º.- Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas(en segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 9”

Mulleres: 10”

Esta proba é eliminatoria”



CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
e-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

4.3.- Fase de oposición .

Terceiro exercicio- proba de galego

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar documentación que acredite o seu coñecemento segundo o establecido nestas bases, xunto coa instancia, será obrigatoria a realización dunha entrevista en galego, na data fixada pola Comisión seleccionadora que se realizará polos servizos de normalización lingüística do Concello de Ponteceso

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

Estarán exentas desta probas as persoas aspirantes que acreditem posuír o Celga 2, antes de que remate o prazo para presentar as solicitudes, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

As probas da fase de oposición terán todas carácter eliminatorio.

Superadas as tres probas, se lles sumará aos aspirantes a fase de concurso

Todas as convocatorias para día e hora destas probas así como recoñecemento médico publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web

4.4.- Fase de concurso

A experiencia

- Por ter experiencia en posto similar será acreditada mediante contratos de traballo e informe de vida laboral, actualizado, da Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, no caso de traballadores ao servizo dalguha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente acompañando en todo caso certificado de vida laboral. No caso de traballadores autónomos poderá acreditarse a experiencia profesional a través de certificado da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social conxuntamente con :

A) fotocopia cotexada de certificado expedido pola administración e / ou persoa xurídica para a cal prestara servizos ou se mantivera relación profesional no que se especifique con claridade a categoría profesional traballo prestado e duración do mesmo.

B) fotocopia cotexada do documento de declaración censal de alta modificación e no seu caso baixa no censo de obrigados tributarios ou certificado expedido polo órgano competente da Administración substitutivo da antedita declaración censal.

Cursos de formación relacionados coas funcións do posto de traballo mediante copia compulsada do correspondente título ou diploma non valorando xornadas, simposios e ou outros non considerados cursos nin de forma individual módulos pertencentes o temario dun curso que non pode calificarse de forma íntegra.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Quinta.- Comisión Seleccionadora e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso

Estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: Rubén Pérez Cotelo, coordinador do GES

Vogal: Julia Ures Villar, funcionaria grupo A da Corporación.

Vogal: Remedios Varela Castro, animadora deportiva

Vogal: José María Salvador Sánchez, Técnico Local de emprego

Secretaria: Cristina Castro Fuentes, Secretaria municipal.

Os membros do tribunal percibirán as dietas conforme o RD 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo.

A Comisión, determinada a puntuación final, convocará para o recoñecemento médico a aqueles aspirantes que obtiveran as notas totais mais alta, das tres categorías ata cubrir os 5 postos seleccionados.

O recoñecemento médico debe ser superado de forma obrigatoria.

Superado o recoñecemento médico polos aspirantes, a comisión elevará ó Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación

En caso de empate aplicarase o criterio de maior tempo de experiencia e de manterse o de maior formación segundo a información facilitada de manterse decidírase por entrevista curricular.

Se algún do/a candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, ou non supera recoñecemento médico a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen alomenos 2 puntos como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención da Consellería de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.

Quinta.- Contratación e Curso de Formación

O contrato formalizarase á requirimento da Administración acreditado/s presentado/s polo/s aspirante/s

B) Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.

A duración estimada é de tres meses dende a data de formalización do contrato.

Trala contratación o/s traballadores obríganse o aceptar estas bases do proceso selectivo a realizar un curso teórico práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas cós contidos do anexo III do Convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería de Medio rural e do mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa impartido por persoal competente enxeñeiro de montes ou enxeñeiro



CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
e-mail: concello@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

técnico forestal curso obrigatorio para os integrantes da brigada inda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

Sexta.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

Sétima.-Dereito supletorio

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Texto refundido dos Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

Oitava.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugnar os interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I

Baremo de méritos:

1- Por ter experiencia profesional debidamente acreditada en postos similares (puntuación máxima 3 puntos), solo valorarase a experiencia acreditada nos tres últimos anos :

Por cada mes traballado **0,20 puntos/mes.**

Os servizos prestados acreditaranse con informe de vida laboral acompañado do contrato de traballo ou certificación de servizos prestados emitida pola Administración pública competente.

2- Formación (puntuación máxima 1 puntos)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver impartidos por organismos oficiais relacionados co servizo obxecto do contrato **máximo 1 puntos**: Por cada curso **0,10 puntos**.

Non se valora o título esixido para optar á praza.

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA (existe na web modelo xenérico de instancia na sede electrónica municipal)

ANEXO III

TEMARIO sobre o que versará o primeiro exercicio da fase de oposición:

- 1.- Incendios forestais
- 2.- Tipos de incendios forestais
- 3.- Comportamento do lume
- 4.- Actuacións de prevención
- 5.- Métodos e medios de extinción

Ponteceso, 27/07/2015

O alcalde.



Xosé Lois García Carballido

A Secretaria



Cristina Castro Fuentes